

# HERMINIA FARIÑA

Guillermo Rodríguez Lema



XUNTA DE GALICIA

0  
R  
d

## RECOÑECIMENTO DE CONCELLOS GALEGOS A HERMINIA FARIÑA

Despois de varias peticións do profesor Filgueira Valverde, o 2 de xuño de 1984 e en datas posteriores, ó Delegado de Cultura do Concello de Pontevedra, e máis tarde sendo director do Museo de Pontevedra D. José Carlos Valle Pérez, o 17 de abril de 1991, faille chegar ó Concello de Pontevedra o acordo acadado pola Comisión Executiva do Patronato do Museo, onde adoptan por unanimidade a dito concello que lle dediquen unha rúa á insigne escritora galega Herminia Fariña Cobián.

Tamén lle fai saber no comunicado que a pesar de non ser natural de Pontevedra, estivo moi vinculada a esta cidade onde residiu, escribiu e editou algunha das súas obras alá pola década dos anos vinte, tales como CADENCIAS e SEARA.

O Concello de Pontevedra en acordo acadado en sesión plenaria, sendo alcalde da cidade D. Francisco Javier Cobián Salgado acordan dedicarlle unha rúa a Herminia Fariña, a cal se atopa ubicada nunha transversal da Avenida de Vigo.

Nesta última década dos noventa tamén o Concello de Santiago de Compostela lémbrese da nosa escritora, este presidido por D. Xerardo Estevez como máxima autoridade da cidade, acorda por unanimidade dos membros da Corporación Municipal dedicarlle unha rúa, a quen nos seus tempos fora membro da Real Academia Galega da Lingua, e a petición desta, onde lembremos veu ó mundo a nosa escritora Herminia Fariña.

O Concello de Meaño no ano 1993 acorda dedicar o seu IV Concurso Literario ó tema monográfico da nosa escritora co seguinte título: “Vida e obra da poetisa Herminia Fariña Cobián”.

O concurso literario presidido polo alcalde de Meaño D. Jorge Domínguez Rosal tiña como integrantes do seu xurado a: directores dos colexios do concello Coirón (Dena) e As Covas (Meaño), os voceiros dos grupos con representación municipal, a ilustre escritora Aurora Vidal; actuando como Secretario do mesmo o Concelleiro - Presidente da Comisión de Asuntos Sociais Guillermo Rodríguez Lema.

Ó concurso preséntanse un total de tres traballos, todos eles de persoas do concello de Meaño; os traba-

Ilos preséntanse baixo os títulos: “Herminia Fariña, vida e obra da poetisa”, “Herminia Fariña Cobián: vida y obra” e “Herminia Fariña Cobián”. Éste último foi o premiado polo xurado por unanimidade de tódolos seus membros; a autora do traballo premiado foi Lourdes Ucha Varela, da parroquia de Simes no concello de Meaño, onde a nosa escritora botou tantos anos da súa vida.

# IV CONCURSO LITERARIO

"CONCELLO  
DE  
MEAÑO"

*"VIDA E OBRA DA POETISA  
HERMINIA FARIÑA COBIAN"*

O 31 de outubro de 1993, fáiselle unha homenaxe en Meaño a escritora que tantos anos botou neste pobo, Herminia Fariña. Promovido polo Concello de Meaño, celébranse os seguintes actos:

- En primeiro lugar fállase o IV Concurso Literario, que como xa se mencionou anteriormente estaba dedicado monograficamente a esta escritora.

- A continuación inaugúrase a praza que leva o seu nome, ó pé do Colexio Público As Covas e moi preto da Biblioteca Pública e Casa da Cultura de Meaño. Nesta praza o Sr. Alcalde, xunto co profesor Filgueira Valverde descubren un busto da escritora esculpido en pedra e de algo máis de dous metros de alto; esta obra foi realizada pola escultora do concello de Meaño Anxeles Valladares Outón, de recoñecido prestixio internacional, participante e gañadora de concursos en Carrara (Italia), Xapón, Estados Unidos, etc. Na inauguración da praza, ademais dos medios de comunicación escritos e audiovisuais, atopábanse per-soeiros da cultura galega, como Aurora Vidal, o viúvo da escritora D. Isaac Sánchez, acompañado polos seus fillos e demáis familiares.

- De seguido, e na Casa de Cultura de Meaño, o profesor Filgueira Valverde fixo unha longa disertación da figura de Herminia Fariña Cobián, diante de numeroso público que alí se atopaba; da disertación

do profesor Filgueira destacámo-lo seguinte:

“Herminia Fariña que por certo era unha rapaza roiba belida, con gracia que todos mirabamos con admiración, non cursou o bacharelato, non cursou os estudos; o que fixo foi pedir permiso ó director do instituto que era D. Ramón Sobrino, para vir ás clases de literatura, polo que foi só media compañeira miña porque asistía só ás clases de preceptiva do profesor De la Iglesia, e esto é algo que convén louvar.

E unha rapaza que entón se dedica á poesía, parece que é lóxico que non desvoce unha formación literaria; semellante sucedera con Rosalía de Castro, que acudira ás clases da Sociedade Económica, e que participara en tantas tarefas de formación do Liceo Compostelán e que ela non só debuxou en música, senón que leu moito para a súa formación literaria, cando se trata de ter unha personalidade sen un erro, e no caso de Herminia Fariña penso que tamén as leccións de D. Alfredo de la Iglesia que por iso era ademais moi afincado na poesía de Rosalía, foron moi eficaces para a súa formación.

Herminia atopou en Pontevedra un clima moi axeitado, chegara Castelao, chegou de seguida Losada Diéguez; foi despois ó Seminario de Estudios Galegos, Iglesias Vilarelle, tantos e tantos poetas mozos e debuxantes que se achegaban



“ O Méndez “, “O Cubismo”, as novas direccións e poetas moi noviños tamén que con Amado Carballo ó chegar de Ourense o xenio montés, ían camiño do máis avanzado de todos.”

O profesor resalta tres características moi notables na obra de Herminia Fariña; primeiramente destaca o seu compostelanismo, como se pode atopar ó longo do seu libro SEARA, o cal dedicou a esta cidade onde dicía:

“Campás de compostela  
velái todas a xunta,  
velái polo ceu tristouro  
con que sabedes valar,  
que vos oubimos ...”

Destaca en segundo termo o seu achegamento á natureza, recordando que esta é unha característica de moitos poetas galegos, incluso algúns deles nos seus poemas chegan a manter un diálogo personificando os elementos da natureza.

Como última característica destaca a súa tristura, patente na maioría da súa obra; esta característica non era entendida polos seus achegados, xa que non se compaxinaba con aquela bela rapaza.

De seguido e cando remata a intervención o pro-

fesor Filgueira Valverde, tamén Aurora Vidal aportou o seu graniño de area a este acto de honra á escritora e amiga súa persoal Herminia Fariña. Dentro das palabras que lle dedicou destacamos:

“Á poeta do Val do Salnés van estas cálidas palabras coma un recordo de aqueles tempos de festivais poéticos, as famosas festas da primavera, unha presa de novos valores, no rexurdir das nosas Letras Galegas nas que figurabamos Herminia Fariña, decana do grupo, e eu...

Algunhas veces caían no noso grupo nomes consagrados tan coñecidos coma Faustino Rey Romero, Casado Nieto, Aquilino Iglesias, Cunqueiro, e outros máis....”

“Hijos del Ayuntamiento de Meaño” de Bos Aires.

Na época da emigración de Herminia Fariña, e na súa estadía en Bos Aires foi membro de honra da Sociedade “Hijos del Ayuntamiento de Meaño”, que tiña a súa sede na Federación de Sociedades Gallegas.

Como cabe supoñer por estes anos, na década dos vinte, na Arxentina e máis concretamente na súa capital Bos Aires había un bo número de emigrantes mea-



ñeses, estes dedicáronlle unha homenaxe á escritora Herminia Fariña, coun festival de grande éxito segundo publica por aquel momento a revista “Céltiga” da que a escritora era colaboradora. Neste festival tivo ademais unha curiosa finalidade: a de adquirir a obra por aquel entón inédita da escritora FORTALEZA, fermosísimo conxunto de poemas escritos por naquel momento pola ilustre poetisa.

Foi este dende logo, a mellor homenaxe que lle puideron render á poeta. Herminia Fariña soubo agradecerlo intimamente, na forma delicada e doce en que só poden facelo os grandes poetas: fixo sentir a tódolos presentes a emoción inmensa que agroma dos seus versos, trasunto fiel, idealizado da fermosura incomparable da Galicia añorada por estas xentes, coa alma sinxela e boa que alenta tódolos seus poemas.

Segundo narra no artigo da revista, parece ser que todos se sentían transportados por un momentos o preciado terruño, escoitando a Herminia Fariña. O seu recital daqueles breves poemas tan seus e tan fermosos fíxolle sentir intensamente a Galicia, levados polas sedas do soño da man dun dos máis grandes poetas daqueles tempos. Poeta e muller, o sumum da poesía.

Despois do narrado pódese entender como moi ben merecidas as clamorosas ovacións con que o público que abarrotaba a sala quixo patetizar a Herminia Fariña, fervoroso agradecemento de admiración e simpatía.